

Proposta de convocatoria de mesa negociadora sobre condicións de traballo de Residentes

Como ben coñece esa Administración, nos últimos meses viuse negociando entre o Ministerio de Sanidade e as Organizacións Sindicais representativas, a través do ámbito negociador estatal constituído a tal efecto, o posible contido dun decreto que regulará a relación laboral especial do persoal en formación baixo o sistema de residencia.

Ese proceso de negociación da norma concluiu o pasado día 9 de febreiro cunha declaración conxunta do Ministerio e os Sindicatos na que se admite o punto final da mesa negociadora estatal, se insta a tramitación urxente do decreto, e se deixa constancia das discrepancias que inda mantemos co seu contido de tal maneira que impiden un acordo global. Tales discrepancias xustifican o mantemento dunha posición sindical de enmendadas ao decreto durante o seu obrigado trámite de audiencia e a esixencia dunha inmediata apertura de mesas negociadoras en cada Servizo de Saúde.

Por outra parte, a propia Administración Sanitaria galega tivo voz neste extraño proceso negociador toda vez que as novas condicións retributivas que se conteñen no proxecto de decreto foron aceptadas na Comisión de Recursos Humanos do SNS, tanto na súa cuantía como súa aplicación gradual en tres exercicios. Aspecto este moi relevante dentro das nosas discrepancias finais.

A maiores das diferencias indicadas respecto do contido do proxecto de decreto, hai materias que polo seu nivel de concreción non teñen cabida nunha norma deste rango e que deben ser necesariamente obxecto de negociación con cada Administración Sanitaria afectada. O propio decreto terá loxicamente carácter de mínimos, como calquera norma laboral básica, e por tanto poderá e deberá ser mellorado a través da negociación colectiva en cada Servizo de Saúde.

Por todo elo, dende CIG-Saúde instamos ao Sergas á constitución dunha mesa negociadora sobre as condicións laborais do persoal residente vinculado aos centros sanitarios públicos galegos, así como sobre as condicións de aplicación das medidas previstas no proxecto de decreto na súa versión do 9 de febreiro, e á súa urxente convocatoria.

Vigo, a 14 de febreiro de 2006

Gregorio Espino, 47
36205 VIGO

Tfnos: 986 262 679
986 827 968
986 827 969

Fax: 986 262 781

Correo-e:
executiva@cig-saude.org

Web:
www.cig-saude.org

Asdo/ Xoán Cons
Secretario Xeral CIG-Saúde